

Asociación cultural “Abril de lume e ferro”

Poeta, sobre todo poeta, poeta da Terra Cha, poeta da Galiza comprometida co seu destino; poeta do amor, poeta da resistencia, poeta de mil formas e de cen mil temas. Este é Manuel María o poeta, segundo se definía no ano 1987, pero Manuel María non só era poeta, tamén enriqueceu a nosa literatura con narracións, con obras de teatro e con ensaios que contribúen á galeguización da sociedade, con conferencias, con centos de artigos e co seu traballo político. Manuel María é, pois, unha das máis inéditas figuras da literatura galega de posguerra, o escritor contemporáneo de maior produción literaria e tamén de maior fidelidade ao idioma propio.

Neste relatorio imos asomarnos a un destes espazos vitais do escritor chairego, que comeza arredor do 1957 e que tería varias dúcias de obras de todo tipo teatral e para calquera público presencial ou lector. O traballo dramaturxico que se, por unha banda, constitúe unha parcela do labor literario do escritor, pola outra promove, polo pouco andado neste xénero en Galiza, unha actitude reflexiva máis global, por non dicir xeracional.

Trátase, desde os primeiros novecentistas, de plantexar dende o teatro, unha dobre reivindicación: por unha parte a dignificación da lingua oral, e pola outra, a implantación do propio teatro, como tribuna social e popular.

No teatro de Manuel María, seguindo a Manuel Lourenzo, percébense influencias literarias ben diversas: de “ghetto” literario, de ousadía, é dicir, marcado polo isolamento e o intuitivismo; porén, non sendo o noso autor home de pensamento alambicado nen de técnicas audaces a respecto da escena, tampouco obedece aos principios dunha escola concreta, nen segue nen rexeita abertamente certas modas. No seu teatro non hai actitudes dogmáticas a ese respecto, e moito menos unha postura de saltarete entre diversos estilos.

Hai experimentalismo no teatro de Manuel María e unha certa constante populista de raíz lorquiana e oteriana nos primeiros tempos, tendencia que se vai xestualizando, contextualizada en motivos políticos, nas últimas obras, onde moi libremente, se asoman técnicas de Brecht.

Transcorrida a guerra do 36, o teatro de Manuel María, como o de outros autores da súa xeración, Xohana Torres, Franco Grande, López Casanova, Bernardino Graña, etc, hase de ver condicionado desde o primeiro ensaio por unha tensión de contradición entre a "obriga moral" de partir dunha situación concreta, recollendo o "testigo" no mesmo lugar onde aquel fora abandonado, e mais unha necesidade de principio, de expresarse a través do teatro con enteira liberdade, segundo as motivacións vitais e literarias imperantes. Compría, por un lado, pensar nesa Galiza real, descabezada, sen moitas posibilidades de futuro para a lingua fóra do mundo rural, e aínda alí seriamente ameazada; mais por outro, había que lle dar paso a un pulo modernizador que a través do teatro francés ou da novela anglosaxona, por citar dous exemplos de influencia evidente por aquelas datas, viñera enriquecer as actitudes literarias dos escritores máis novos.

Estas inquedanzas teatrais do noso creador literario quedan regularizadas a fins da década dos cincuenta, dando resposta a moi variadas motivacións, en casos, a petición dalgún amigo que quere escenificar unha peza de interés para os seus fillos; en casos, a petición de colectivos culturais ou escolares, noutros por participar e colaborar na supervivencia de certames teatrais. Dentro deste entramado teatral Manuel María prioriza o obxectivo de dar ao pobo o que necesita en cada momento. En todas estas situacións xorden as inquedanzas propias da súa conciencia nacional e crítica. E chegado o 1975, Manuel María dá unha volta ao seu teatro en canto aos contidos, e presenta unhas pezas teatrais de carácter histórico que recollen as súas mellores cualidades.

ABRIL DE LUME E FERRO creada no 1975, arredor da revolución de 1846, UNHA VEZ FOI O TREBÓN, no espazo temporal, social e histórica dos irmandiños e A LÚA VAI ENCUBERTA, as tres con elementos de simbolismo crítico, ambiente popular e festivo, con apelacións e motivos históricos de alto significado reivindicativo, así como a presentación dunha asunción de convencionalismos técnicos, é dicer, repartos variábeis segundo as conveniencias, liberdade de espazos escénicos, etc, que van determinar unha funcionalidade progresiva do texto dramático, feito que nos sitúa diante dun teatro que xa non é só "para ler", que é vocacionais e tecnicamente para representar.

Con este tipo de teatro Manuel María atopa un sobranceiro lugar no movemento do teatro galego deixando de ser un escritor en solitario para colaborar abertamente coas Mostras de Ribadavia e cos grupos Auriense ou Valle Inclán, ou servindo de motivación para un traballo creador dos mesmos. Esta actitude do escritor lévao a outros camiños pouco iniciados e participa co teatro na política galega, ás veces, de xeito propagandístico.

O signo da obra dramática é nacer e morrer no escenario, dá testemuño dun tempo, dunha sociedade e dun autor, que traballa para unha sociedade que desexa retratar ou transformar.

Hai autores que valoran a palabra, a situación trazada no libreto como redonda e invulnerábel. Outros prefiren, como Manuel María, concederlle á propia escena un papel colaborador no acabado da obra, deixando a porta aberta a suxerencias, tanto literarias como plásticas, a través da acoutación ou da propia estrutura do conxunto da obra.

Estas tres pezas de tipo histórico seguen a liña marcada con anterioridade por Castelao en *Os vellos non deben de namorarse* e de Ramón Cabanillas en *O mariscal*. Manuel María, ademais de referir un contexto histórico transcendente e negativo para Galiza, en tres tempos diferentes pero con características e consecuencias semellantes: afogamento do pobo, rachamento de institucións do pobo, desmantelamento de leis e costumes tradicionais, asoballamento, etc. Xunto a estes elementos, Manuel María presenta estas obras dende un plano didáctico, no que a presentación e desenvolvemento da acción histórica desemboque en recoñecer os feitos para a ensinanza histórica e presenta, para que os acontecementos narrados non se poidan repetir na nosa terra, unha clara conciencia de superación dos parámetros que deron lugar aos feitos. A xente, o pobo, todos nós, non só entende os acontecementos senón as derivacións e os antecedentes nunha análise de datos concretos.

Invertir os destinatarios e os suxeitos da súa obra é unha das maneiras de conseguir unha dobre finalidade: enumerar as miserias, disfrazadas de cualidades, a colonización, a guerra, a explotación, e facer ver ao lector ou ao espectador como tería que ser o verdadeiro mundo de paz e alegría, por oposición ao que está narrando e representando, e, no fondo, denunciando.

Convencido Manuel María da capacidade educativa do teatro e do seu valor como instrumento de concienciación nacional, utiliza o escenario como plataforma ideolóxica, creando un teatro popular e ao tempo reivindicativo, tal como reflicten as tres pezas históricas mencionadas, nas que leva á escena tres momentos claves da historia de Galiza: as revoltas irmandiñas, a revolución de 1846 e os episodios máis significativos na conformación do nacionalismo actual desde 1936 a 1975. É importante sinalar que ningunha destas obras se publicou nos anos da súa escrita: *Abril de lume e ferro* saíu do prelo no 1989 e as outras dúas no 1992; aínda que tivesen a redacción nos anos setenta non se editaron, ora por razóns de censura política, por outras de edición e mesmo de posta en escena, o que explica que se mantiveran inéditas durante a ditadura, pero aínda non superados os setenta, dúas delas foron estreadas con éxito en lugares diferentes.

As tres son pezas breves que teñen o tradicional aroma retranqueiro con elementos satíricos ou esperpénticos mentres nalgúns momentos dan testemuño de tempos pasados pero que na actualidade recobran plena vixencia pola mensaxe que delas se desprende, o que engade unha maior motivación na súa lectura e representación.

Das obras mencionadas, é *Abril de lume e ferro* a que se leva representando pola Asociación Cultural do mesmo nome do concello de Carral, que fará o número 10 no vindeiro mes de abril. Manuel María, deixou, como xa dixemos, unha obra aberta e analítica, chea de matices de todo tipo, que plantexa un momento histórico cunha duración en escena de pouco máis de 30 minutos. O que se fixo dende a Asociación Cultural foi procurar o seguimento do escritor lugués engadindo máis tempo de acción histórica e conciencia popular, dando unha resposta didáctica para que a xente de hoxe entenda a mensaxe integradora de Manuel María, e que pouco a pouco vai agromando a partir deses feitos históricos. O noso traballo sempre contou coa aprobación do autor, e mesmo foi público asistente a todas as representacións da obra até o seu pasamento. Dende a Asociación Cultural entendemos a xenerosidade do autor no traballo de despertar conciencias con este tipo de teatro, de tal xeito que se une neste camiño, xunto a máis de 80 persoas intervinientes na obra, e considerámonos sabedores e mesmo debedores da súa obra, do traballo e do esforzo pola xente e pola terra, nun compromiso permanente que todos nós desexamos ferventemente alentar e que ten o seu cume no mes de abril de cada ano escenificando *Abril de lume e ferro* na busca de semellante forza de ideais que tiveron aqueles homes, que no 1846 loitaron pola liberdade do noso pobo e que Manuel María soubo retratar neste obra de teatro que deu lugar a un movemento social e cultural denominado Asociación Cultural "Abril de lume e ferro".